



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Personal

Relación provisional de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo, mediante o sistema de concurso, dunha (1) praza de conserxe de cultura (OEP-E 2022) estabilización do emprego temporal

ANUNCIO

Expediente núm.: 2022/E001/000022

Mediante Decreto 703/2023, do 04 de abril, da concelleira delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo para a cobertura de dunha (1) praza de persoal laboral fixo de conserxe de cultura, incluída na oferta de emprego público extraordinaria do Concello das Pontes de García Rodríguez do ano 2022 (OEP-E 2022), para a estabilización do emprego temporal.

Neste decreto resolveuse o seguinte:

“1º) Aprobado a relación provisional de persoas admitidas ou excluídas no proceso selectivo para a cobertura dunha (1) praza de conserxe de cultura pertencente ao grupo de clasificación profesional persoal laboral asimilado a Subgrupo Agrupación Profesional, incluída na oferta de emprego público extraordinaria desta entidade local do ano 2022 (OEP-E 2022), publicada no BOP núm. 97, do 24/05/2022:

a) Persoas aspirantes admitidas:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 2 OU EQUIVALENTE	OBSERVACIÓNS (Non excluíntes)
1	Calles Alonso, Brais	***6532**	Sí	
2	Prieto Tojeiro, Sandra	***2773**	Sí	
3	Viñas Mayo, Rubén	***9158**	Si	- Non aporta o certificado dos servizos prestados na Administración Pública que alega no apartado 6.2.1a.3) - Aporta documentación acreditativa de experiencia profesional e de cursos de formación que non indica na relación de méritos (Anexo I)

b) Persoas aspirantes excluídas: Ningunha

2º) Conceder un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), para presentar reclamacións ou emendar defectos.

Neste período poderase achegar tamén a documentación xustificativa dos méritos alegados que non se xuntou coa solicitude e que se indican no apartado de “Observacións”, da persoa aspirante admitida, para os efectos da súa valoración na fase de concurso, de ser o caso. A dita documentación poderá presentarse na sede electrónica do Concello das Pontes ou de maneira presencial (no Concello, nas oficinas de Correos, a través do sistema SIR de calquera administración...).

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos ditos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

3º) Publicar a presente resolución Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP) e no taboleiro de anuncios do concello (taboleiro electrónico), tal e como dispoñen as bases da convocatoria.”

As Pontes de García Rodríguez, 04 de abril de 2023

A concelleira-delegada de Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños